

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza


Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada **Ana Belén Pontón Mondelo** e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei en Comisión**, relativa á construción dunha sede da seguridade social en Ribeira.

Desde o ano 2003 había un compromiso por parte da administración central de construír unha sede da Seguridade Social no concello de Ribeira. Seis anos despois, non só non se ten verificado este compromiso, nin hai ningún proxecto firme para levar adiante a dotación dunha sede que mellore a cobertura e atención neste ámbito. Os datos que se tiñan feito públicos falaban de dotar dun edificio de ámbito comarcal, que contaría con servizos administrativos, puntos de información e atención, servizo de recadación executiva; creando en torno a 50 postos de traballo.

Nove anos despois deste anuncio, facíase pública a noticia de que o Goberno de Estado descartaba esta opción, escudándose en que non era un proxecto que tecnicamente fora viábel dado que non hai demanda suficiente, así como por un recorte das inversións consecuencia da situación de crise económica.

Polo dito fórmulanse a seguinte Proposición non de lei para o seu tratamento en Comisión:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a demandar do Goberno do Estado que se inicien os trámites precisos para construír unha sede da Seguridade Social no concello de Ribeira, garantindo que este novo equipamento non supoña o desmantelamento dos servizos existentes na actualidade e informando ao Parlamento de Galiza dos resultados desta interlocución

Santiago de Compostela, 8 de Xullo de 2009

Asdo. Ana Belén Pontón Mondelo

Deputada e Portavoz suplente do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 08/07/2009 13:38:10